

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE DEBUXO

materias	DEBUXO TÉCNICO 1 E 2 (BACHARELATO)
centro educativo	I.E.S. MARCO DO CABBALLÓN – VILA DE CRUCES
curso	2021 - 22

1.- ÍNDICE

1	ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN	3
2	CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN	4
3	CONTEXTO	5
	Características do centro e do alumnado.	
	Obxectivos adaptados ao contexto	
4	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	8
	Educación plástica e visual 1	
	Educación plástica e visual 3	
	Educación plástica e visual 4	
5	RELACIÓN ENTRE ASPECTOS CURRICULARES EN CADA UNIDADE DIDÁCTICA	12
	Educación plástica e visual 1	
	Educación plástica e visual 3	
	Educación plástica e visual 4	
6	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	24
	Estratexias metodolóxicas	
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
7	AVALIACIÓN	28
	AVALIACIÓN INICIAL	
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)	
	AVALIACIÓN CONTÍNUA	
	Procedemento para a avaliación continua	
	Criterios de cualificación	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	AVALIACIÓN FINAL	
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares sa van a avaliar?	
	Como se elabora a cualificación final?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	
	Procedementos para a avaliación extraordinaria	
	MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes	
	Criterios de cualificación	
8	OUTRAS AVALIACIÓNS	33
	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	36
	Medidas ordinarias: organizativas e curriculares	
	Medidas extraordinarias: organizativas e curriculares	
10	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	37
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
11	DATOS DO DEPARTAMENTO	38
12	RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)	39
13	ANEXO: ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL	40

1.- ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

Esta programación baséase no seguinte marco normativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) .
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a

OUTROS ASPECTOS

Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º, 3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)

Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: EPVAB1.2 .1 EPVA: Abreviatura da área: Educación plástica e visual B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 2. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 1. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

3.- CONTEXTO

3.1 CONTEXTO DO CENTRO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
<p>Situación: O IES Marco do Camballón está situado no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), na saída da vila en dirección a Lalín.</p> <p>Persoal e alumnado do centro: Conta con entre 240-250 alumnas e alumnos matriculados, 40 profesoras e profesores, unha administrativa, 3 limpadoras e 2 bedeis, 1 coidadora e 1 auxiliar de conversa.</p> <p>Características físicas do centro: Foi construído no ano 1998 e, a pesar de ser relativamente novo, presenta problemas en relación coas súas infraestruturas: humidades e goteiras, deficiente illamento térmico (con zonas moi sombrías e frías), deterioro dalgunhas zonas por incidencias meteorolóxicas, carencia dun salón de actos...</p> <p>En canto ás dependencias do centro, están concentradas nun edificio situado nun terreo en declive, que consta de catro plantas estruturadas en terrazas que se apoian nunha construción horizontal. Na planta baixa sitúanse o ximnasio, novas instalacións do ciclo de APSD, a cafetería, os comedores (da cafetería e do alumnado) e a entrada á vivenda do conserxe; na 1ª encóntranse os despachos de Administración, Secretaría, Dirección e Orientación, ademais dos talleres de Soldadura, aula de tecnoloxía, aula de plástica e outras aulas ordinarias; na 2ª planta, ademais de aulas ordinarias, están os laboratorios, a aula Manuel Dobarro (con funcións de aula de usos múltiples), a biblioteca, unha aula de informática, conserxería e dúas salas de profesorado (unha grande e outra pequena); finalmente, a 3ª está destinada a aulas ordinarias, ademais de dúas de informática.</p> <p>Centros adscritos: O centro conta con tres centros adscritos, todos do concello de Vila de Cruces, pero ubicados en diferentes núcleos de poboación: CEIP Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces), CEIP de Cerdeiriñas (Piloño) e CEIP de Merza.</p> <p>Ensinanzas que oferta o centro: O centro oferta na actualidade dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e mais Humanidades e Ciencias sociais), formación profesional básica de Servizos Administrativos, ciclo formativo de grao medio na especialidade de Soldadura e Caldeirería (2000 horas) e ciclo formativo de grao medio na especialidade Atención a persoas en situación de dependencia (2000 horas).</p> <p>As materias que se imparten en cada curso en galego ou castelán están concretadas no Proxecto Lingüístico de Centro. Ademais, o centro fomenta a competencia plurilingüe do alumnado coa oferta de seccións bilingües de inglés en 1º de ESO (Educación física), 2º de ESO (Educación física e Matemáticas) e 3º de ESO (Educación física e Matemáticas).</p> <p>Características singulares: A Escola Municipal de Música conta cunha matrícula elevada debido, sobre todo, á gran tradición musical da zona, que conta con dúas bandas de música: Unión Musical de Ponteledesma e Banda Artística de Merza, sendo esta última unha das bandas populares máis antigas de Galicia.</p> <p>A vila conta ademais co Club de Loita Keltói Cruces, que goza de deportistas gañadores de premios nacionais e</p>

internacionais, e mesmo agúns deses loitadores son integrantes na selección española de loita.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Lingua materna dominante:

A lingua materna dominante no centro é o galego.

Alumnado con NEAE no curso actual:

ESO	Necesidades educativas especiais	1
	Con dificultades específicas de aprendizaxe	13
	Con dificultades físico-motoras	
	Con altas capacidades	
	Con TDAH	6
	Con incorporación tardía ao sistema educativo	2
	Con situación desfavorable por condicións pesoais	1
	De entre estos 23 alumnos/as, 1 teñ ACI	
BAC	Nada que salientar	

Problemas sociais destacados (abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar):

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características:

O alumnado de ESO e bacharelato reside, case na súa totalidade, no propio concello, pero tanto o dos ciclos como o profesorado procede de distintas partes de Galicia. Vila de Cruces é un concello extenso (28 parroquias), cunha poboación escasa e diseminada (5556 habitantes en 2015), que continúa descendendo e avellentándose (51,8 anos de idade media en 2015). O seu PIB por habitante é bastante inferior á media galega: 12714€ fronte a 19748€ (IGE, 2012).

Por outra parte, o perfil dos ciclos que se ofertan e a situación socioeconómica xeral conlevaron un aumento considerable no número de alumnado maior de idade, o que está supoñendo un cambio importante para o instituto.

3.2 OBXECTIVOS (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

a	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

DEBUXO TÉCNICO 1						
Aval.	Ud. Did.	Bloque	Contido	Temporalización		Probass aval.
				Mes	Sesións	
1ª	Ud. 1	B1	B1.1. Trazados xeométricos.	Set.	8	
			B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico.			
			B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza.			
			B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte.			
			B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico.			
			B1.6. Trazados fundamentais no plano.			x
			B1.7. Operacións con segmentos.			x
			B1.8. Mediatriz.			x
			B1.9. Paralelismo e perpendicularidade.			x
			B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións.			x
			B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares.			
			B1.12. Circunferencia e círculo.			x
			B1.13. Ángulos.			x
	Ud. 2	B1	B1.14. Trazado de polígonos regulares. notables.	Out.	10	x
			B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos.			x
			B1.16. Representación de formas planas.			x
			B1.17. Trazado de formas proporcionais.			x
			B1.18. Resolución gráfica de triángulos.			x
	Ud. 3	B1	B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos	Out. Nov.	8	x
			B1.20. Proporcionalidade e semellanza.			x
			B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario.			x
			B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas.			x
	Ud. 4	B1	B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.	Nov.	10	x
			B1.24. Tanxencias e enlaces.			x
			B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións.			x
	Ud. 5	B1	B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.	Nov.	4	x
			B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais.			x
			B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial.			x
			B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías.			
2	Ud. 6	B2	B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D.	Dec.	2	
			B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación.			
			B2.2. Sistemas de representación na arte.			
			B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación.			
			B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación.			
			B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección.			
			B2.6. Clases de proxección.			
			B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías.			
	B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.					
	Ud. 7	B2	B2.9. Sistema diédrico.	Dec. Xan. Feb.	34	
			B2.10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas.			
			B2.11. Disposición normalizada.			
B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes.						

			B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección.			x
			B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos.			x
			B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.			x
			B2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas.			x
			B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas.			x
			B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.			x
	Ud. 8	B2	B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións.	Mar.	4	
3	Ud. 9	B2	B2.20. Sistema axonométrico.	Mar. Abr.	16	
			B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución.			
			B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas.			x
			B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares.			x
			B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares.			x
	Ud. 10	B2	B2.25. Sistema cónico central.	Abr. Mai.	16	
			B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual.			
			B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais.			x
			B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos.			x
			B2.29. Representación simplificada da circunferencia.			x
			B2.30. Sistema cónico oblicuo.			x
			B2.31. Representación simplificada da circunferencia.			x
			B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas.			x
	Ud. 11	B3	B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa.	Mai. Xuñ.	8	x
			B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas.			x
			B3.3. Formatos. Dobra de planos.			x
			B3.4. Vistas. Liñas normalizadas.			x
			B3.5. Aplicacións da normalización.			
			B3.6. Escalas. Cotación.			x
			B3.7. Debuxo industrial.			
B3.8. Debuxo arquitectónico.						
B3.9. Cortes e seccións.			x			

Bloques DEBUXO TÉCNICO 1		Unidades didácticas DEBUXO TÉCNICO 1	
B1	Xeometría de debuxo técnico	Ud. 1	Elementos xeométricos fundamentais
		Ud. 2	Formas poligonais
		Ud. 3	Transformacións xeométricas
		Ud. 4	Tanxencias e enlaces
		Ud. 5	Curvas técnicas ou xeométricas
B2	Sistemas de representación	Ud. 6	Fundamentos dos sistemas de representación
		Ud. 7	Sistema diédrico
		Ud. 8	Sistema de planos acoutados
		Ud. 9	Sistema axonométrico
B3	Normalización	Ud. 10	Sistema cónico
		Ud. 11	Normalización

DEBUXO TÉCNICO2							
Aval.	Ud. Did.	Bloque	Contido	Temporalización		Probas aval.	
				Mes	Sesións		
1ª	Ud. 1	B1	B1.1. Resolución de problemas xeométricos.	Set.	8	x	
			B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.			x	
	Ud. 2	B1	B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.	Out.	15	x	
			B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.			x	
			B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.			x	
			B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.			x	
			B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afin a unha circunferencia.			x	
			B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.			x	
	Ud. 3	B1	B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.	Oct. Nov.	15	x	
			B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.			x	
	Ud. 4	B1	B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas.	Nov. Dec.	12	x	
			B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.			x	
			B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.			x	
			B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.			x	
	2ª	Ud. 5	B2	B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.	Xan.	8	
				B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.			x
B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.				x			
B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.				x			
Ud. 6		B2	B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.	Xan. Feb.	12	x	
			B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.			x	
			B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.			x	
			B2.8. Afinidade entre proxeccións.			x	
			B2.9. Problema inverso ao abatemento.			x	
Ud. 7		B2	B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.	Feb. Mar.	15	x	
			B2.13. Representación de prismas e pirámides.			x	
			B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.			x	
			B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.			x	
			B2.16. Interseccións.			x	
			B2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.			x	
3ª	Ud. 8	B2	B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.	Mar. Abr.	7	x	
			B2.12. Determinación das súas seccións principais.			x	
	Ud. 9	B2	B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.	Abr. Mai.	14		
			B2.19. Posición do triedro fundamental.				
			B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.				
			B2.21. Determinación de coeficientes de redución.				
			B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.				

Ud. 10	B3	B2.23. Representación de figuras planas.	Mai. Xuñ.	14	x
		B2.24. Representación simplificada da circunferencia.			x
		B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.			x
		B3.1. Elaboración de bosquejos, esbozos e planos.			
		B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.			
		B3.3. Proxecto: tipos e elementos.			
		B3.4. Planificación de proxectos.			x
		B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.			x
		B3.6. Elaboración das primeiras ideas.			
		B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.			x
		B3.8. Presentación de proxectos.			x
		B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.			x
		B3.10. Debuxo de bosquejos a man alzada e esquemas.			
		B3.11. Elaboración de debuxos cotados.			x
		B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.			x
		B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.			
		B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.			
B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.					
B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.					
B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.	x				

Bloques DEBUXO TÉCNICO 2		Unidades didácticas DEBUXO TÉCNICO 2	
B1	Xeometría e debuxo técnico	Ud. 1	Proporcionalidade
		Ud. 2	Transformacións xeométricas
		Ud. 3	Tanxencias: potencia e inversión
		Ud. 4	Curvas técnicas e cónicas
B2	Sistemas de representación	Ud. 5	Sistema diédrico 1: operacións con rectas e planos.
		Ud. 6	Sistema diédrico 2: sistemas operativos e determinación de ángulos
		Ud. 7	Sistema diédrico 3: representación de sólidos. Seccións, desenrols e verdadeiras magnitudes
		Ud. 8	Sistema diédrico 4: poliedros regulares
		Ud. 9	Sistema axonométrico
B3	Documentación gráfica de proxectos	Ud. 10	Documentación gráfica de proxectos

5.- RELACIÓN ENTRE ASPECTOS CURRICULARES EN CADA UNIDADE DIDÁCTICA

DIBUJO TÉCNICO 1															
1ª AVALIACIÓN															
Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe(1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transv.		
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos						Obs.	
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase	Rúb. (2)			
1	b, d, e, g, i, l, m	B1.1. B1.2. B1.3. B1.4. B1.5. B1.6. B1.7. B1.8. B1.9. B1.10. B1.11. B1.12. B1.13.	B1.1.	DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CSIEE	30%							20%	CL, CA,	
				DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.	CMCCT	30%								CA	
				DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.	CAA	30%	10%	8%	1%					1%	CL, E0E, CA
2	b, d, e, g, i, l, m	B1.14. B1.15. B1.16. B1.17. B1.18. B1.19.	B1.1.	DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.	CAA	30%	10%	8%	1%					1%	CA
				DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.	CMCCT	30%	10%	8%	1%					1%	CA
				DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.	CSIEE	30%	10%	8%	1%					1%	CA
3	b, d, e, g, i, l, m	B1.20. B1.21. B1.22. B1.23.	B1.1.	DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.	CSIEE	30%	10%	8%	1%				1%	CA	

				DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplicaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.	CAA	30%	10%	8%	1%				1%	CA
4	b, d, e, g, i, l	B1.24. B1.25. B1.30.	B1.2.	DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.	CMCC T	30%	10%	8%	1%				1%	CA
				DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CAA	30%	10%	8%	1%				1%	CA
				DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	CSIEE	30%	10%	8%	1%				1%	CA
5	b, d, e, g, i, l	B1.26. B1.27. B1.28. B1.29.	B1.2.	DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.	CSIEE	30%	10%	8%	1%				1%	CA

DIBUJO TÉCNICO 1

2ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación						Temas transv.		
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos						
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase		Rúb. (2)	Obs.
6	b, d, e, g, i, l	B2.1. B2.2. B2.3. B2.4. B2.5. B2.6. B2.7. B2.8.	B2.1.	DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.	CCL	30%	2%		1%				1%	CA
				DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.	CCL	30%	2%		1%				1%	CA
				DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.	CD	30%	2%		1%				1%	CA
7	b, d, e, g, i, l	B2.9. B2.10. B2.11. B2.12. B2.13. B2.14. B2.15. B2.16. B2.17. B2.18.	B2.1.	DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.	CMCC T	30%	2%		1%				1%	CA
				DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionais e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.	CAA	30%	22,5%	20%	1,25%				1,25%	CL, EOE, CA
				DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.	CSIEE	30%	22,5%	20%	1,25%				1,25%	CA
				DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).	CMCC T	30%	22,5%	20%	1,25%				1,25%	CA
				DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais	CCEC	30%	22,5%	20%	1,25%				1,25%	CA

				sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.										
8	b, d, e, g, i, l	B2.19.	B2.2.	DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfis dun terreo a partir das súas curvas de nivel.	CAA	30%	2%		1%				1%	CA

DIBUJO TÉCNICO 1

3ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transv.	
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos						Obs.
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase	Rúb. (2)		
9	b, d, e, g, i, l	B2.20. B2.21. B2.22. B2.23. B2.24.	B2.3.	DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.	CCEC	30%	15,75 %	13,75 %	1%				1%	CA
				DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.	CCEC	30%	2%		1%				1%	CA
10	b, d, e, g, i, l	B2.25. B2.26. B2.27. B2.28. B2.29. B2.30. B2.31. B2.32.	B2.4.	DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.	CCL	30%	1,5%		0,75%				0,75%	CA
				DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.	CSIEE	30%	15,75 %	13,75 %	1%				1%	CA
				DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.	CMCCT	30%	15,75 %	13,75 %	1%				1%	CA
11	b, d, e, g, i, l	B3.1.	B3.1.	DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.	CCL	30%	15,25 %	13,75 %	0,75%				0,75%	CL, EOE, CA

b, d, e, g, i, l	B3.1. B3.2. B3.3. B3.4. B3.5. B3.6. B3.7. B3.8. B3.9.	B3.2.	DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.	CSIEE	30%	14%	12,5%	0,75%				0,75%	CA
			DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.	CAA	30%	1,5%		0,75%				0,75%	CA
			DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.	CMCC T	30%	14%	12,5%	0,75%				0,75%	CA
			DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.	CMCC T	30%	1,5%		0,75%				0,75%	CA
			DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.	CSIEE	30%	1,5%		0,75%				0,75%	CA
			DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.	CSIEE	30%	1,5%		0,75%				0,75%	CA

DIBUJO TÉCNICO2

1ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transv.		
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos						Rúb . (2)	Obs.
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase				
1	b, d, e, g, i, l	B1.1. B1.2.	B1.1.	DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.	CCL	30%	1%		0,5%				0,5%		
2	b, d, e, g, i, l	B1.3. B1.7.	B1.1.	DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.	CMCCT	30%	11%	10%	0,5%				0,5%		
				DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	CAA	30%	12%	10%	1%				1%		
				DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.	CSIEE	30%	12%	10% ^x	1%				1%		
	b, d, e, g, i, l	B1.8. B1.13. B1.14. B1.15.	B1.3.	DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.	CCL	30%	2%		1%				1%		
				DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	CSIEE	30%	12%	10%	1%				1%		
				DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	CMCCT	30%	12%	10%	1%				1%		
3	b, d, e, g, i, l	B1.6. B1.7.	B1.1.	DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	CAA										
				DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	CMCCT	30%	12%	10%	1%				1%		

4	b, d, e, g, i, l	B1.9. B1.10. B1.11. B1.12.	B1.2.	DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.	CCL	30%	2%		1%				1%	
				DT2.B.1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.	CAA	30%	12%	10%	1%				1%	
				DT2.B.1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.	CSIEE	30%	12%	10%	1%				1%	

DIBUJO TÉCNICO2

2ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación						Temas transv.	
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos					Obs.
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase		
5	b, d, e, g, i, l	B2.1. B2.2. B2.3. B2.4.	B2.1.	DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	CAA	30%	12%	10%	1%			1%	
				DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	CSIEE	30%	12%	10%	1%			1%	
6	b, d, e, g, i, l	B2.5. B2.6. B2.7. B2.8. B2.9.	B2.1.	DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.	CAA	30%	12%	10%	1%			1%	
7	b, d, e, g, i, l	B2.10. B2.13.	B2.1.	DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.	CSIE	30%	12%	10%	1%			1%	
				DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	CMCC T CAA	30%	12%	10%	1%			1%	
	b, d, e, g, i, l	B2.14. B2.15. B2.16. B2.17.	B2.2.	DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	CMCC T	30%	12%	10%	1%			1%	
				DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	CMCC T	30%	12%	10%	1%			1%	
				DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros,	CAA	30%	12%	10%	1%			1%	

				abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.											
--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

DIBUJO TÉCNICO2

3ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transv.		
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos						Rúb. (2)	Obs.
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase				
8	b, d, e, g, i, l	B2.11. B2.12.	B2.1.	DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.	CSIE	30%	18%	16%	1%				1%		
9	b, d, e, g, i, l	B2.18. B2.19. B2.20. B2.21. B2.22. B2.23. B2.24. B2.25.	B2.3.	DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	CMCCT	30%	1%		0,5%				0,5%		
				DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	CCEC	30%	18%	16%	1%				1%		
				DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	CMCCT	30%	18%	16%	1%				1%		
10	b, d, e, g, i, l	B3.1. B3.2. B3.3. B3.4. B3.5. B3.6. B3.7. B3.8. B3.9. B3.10.	B3.1.	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	CSC	30%	2%		1%				1%		
				DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	CMCCT	30%	1%		0,5%				0,5%		
				DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	CCEC	30%	1%		0,5%				0,5%		
				DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou	CCEC	30%	18%	16%	1%				1%		

B3.11. B3.12. B3.13. B3.14. B3.15. B3.16. B3.17.	de perspectivas a escala, elaborando bosquejos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.												
	DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	CD	30%	1%		0,5%						0,5%	
	DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.	CD	30%	16%	16%	1%						1%	
	DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.	CD	30%	2%		1%						1%	
	DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	CD	30%	2%		1%						1%	

LENDAS DE COMPETENCIAS		LENDAS DE TEMAS TRANSVERSAIS	
CCL	Comunicación lingüística	CL	Comprensión lectora
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	EOE	Expresión oral e escrita
CD	Competencia dixital	CA	Comunicación audiovisual
CAA	Competencia aprender a aprender	TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación
CSC	Competencias sociais e cívicas	EMP	Emprendemento
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	EC	Educación cívica
CCEC	Conciencia e expresións culturais	PV	Prevención da violencia
(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)			
(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos, etc.			

6.- METODOLOXÍA

6.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

1. Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo
 - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas:

- Suscitar, na medida do posible, actividades con fins creativos.
- Manter algún elemento ou dato á libre elección do alumno.
- A interacción entre os alumnos, a fin de lograr que uns aprendan doutros, baixo a supervisión do profesorado.
- A secuenciación gradual dos contidos en función do grado de dificultade, partindo sempre dos de menor grado de dificultade e terminando cos que esixen un maior grado de atención e destreza.
- Os contidos deberán ser significativos.
- A retroalimentación do sistema, aspecto sempre a ter en conta para saber que aprenden os alumnos e en que grado fan. Fuxir das clases magistrais, nas que o alumnado se convérte nun mero receptor, e fomentar a participación do alumnado.
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de bocexos, croquis e planos acoutados.
- Análise de documentación técnica e obras de arte, deseño industrial, etc
- Resolución de problemas
- Realización de exposicións públicas
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: traballos, exercicios, proxectos, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

6.2 OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

1. Agrupamentos:

O reducido número de alumnado fai que as clases sexan moi personalizadas e dinámicas, permitindo unha grande interacción entre alumnos/as e tamén co profesor.

En 1º BAC o grupo está formado por únicamente 3 alumnos/as, mentres que en 2º BAC son 5 alumnos.

2. Tempos:

A asignatura de Debuxo Técnico conta con catro sesións semanais, de 50 min. cada unha, tanto no 1º como no 2º curso do bacharelato.

O número, aproximado, de sesións por avaliación é o seguinte:

	DEBUXO TÉCNICO 1	DEBUXO TÉCNICO 2
1ª Avaliación	43	43
2ª Avaliación	43	43
3ª Avaliación	43	43

3. Espazos:

Ensinanza presencial

As sesións desenvolveranse na aula de plástica, que está dotada de mesas de debuxo e do material necesario para traballar adecuadamente os contidos da materia.

Trátase dunha aula de aproximadamente 100 m², cunha iluminación natural deficiente e moi fría, debido á súa orientación norte.

O intercambio de documentos e de tarefas que vaian a ser cualificadas farase a través de Classroom.

As probas serán presenciais.

Ensinanza semipresencial

No caso de que algún alumno/a, todo un grupo ou mesmo o profesor, tiveran que ausentarse do centro para facer corentena, a actividade docente continuaría a través da aplicación Classroom e eventualmente realizaríase algunha videoconferencia.

Ensinanza non presencial

No caso de confinamento xeralizado, as sesións realizaríanse por videoconferencia, a través da aplicación Meet, mantendo o horario das sesións presenciais, é dicir, 4 sesións á semana.

O intercambio de documentos e tarefas realizaríase a través da aplicación Classroom e, ocasionalmente, de Gmail e/ou Drive.

4. Materiais:

A aula está dotada cos seguintes elementos:

- 24 mesas de debuxo de 1,20x0,80 m.
- 1 pizarra branca de 2,5x1,20m
- 1 pantalla de proxección
- 1 canón de proxección
- 1 ordenador portátil
- 15 cabaletes
- 1 tórculo
- 10 tornetas para modelar
- 2 piletas con auga corrente
- 1 pizarra
- 1 corcho
- 2 xogos de escadra, cartabón, regras e compás para debuxar na pizarra.

Ademáis, na aula haberá sempre a disposición do alumnado material funxible: folios, material de debuxo técnico, lápices, lápices de cores, ceras, rotuladores, pegamento, pinceis, témperas, acrílico, etc...

A maiores do material do centro, os alumnos deberán dispoñer de material propio: folios e utensilios de debuxo técnico (escadra, cartabón, regra milimetrada, compás, lápices 2H e 2B, goma, etc.)
No necesitarán libro de texto.

Materiais necesarios no caso de ensinanza semipresencial e/ou non presencial

Os memos materiais que no caso da ensinanza presencial e, ademáis, un ordenador con webcam e conexión a internet

5. Recursos didácticos:

- Libros de texto de debuxo técnico, de diversas editoriais.
- Paquete educativo de aplicacións GSuite: Classroom, Meet, Drive, Gmail, etc
- Diversas páxinas web de debuxo técnico.
- Programas de debuxo asistido por ordenador

7.- AVALIACIÓN (Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes)

7.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL

En que data se realizará?:

A avaliación inicial realizarase ao comezar o curso académico, no mes de setembro.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?

Realizarase unha proba relacionada cos estándares de aprendizaxe do curso anterior.

No caso de 1º Bac, a proba versará sobre os estándares de aprendizaxe contidos nos seguintes bloques:

- "Bloque 3. Debuxo Técnico" de EPV 3
- "Bloque 2. Debuxo Técnico" de EPV 4.

Hai que ter en conta que non todos os alumnos que cursen Debuxo Técnico 1 cursaron previamente EPV 4, xa que esta é unha materia optativa

Como se informará á familia?

A información recabada na avaliación inicial será trasladada ao titor do grupo de referencia, e este, á súa vez, informará a familia cando esta o solicite

Cales serán as consecuencias dos resultados?:

Os resultados teránse en conta para comezar o curso con contidos adaptados ao nivel do alumnado, de tal xeito que a aprendizaxe sexa significativa para eles.

7.2 ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (2º BAC)

Que procedemento se seguirá? (marcar cunha cruz)

<input checked="" type="checkbox"/>	Matrícula como pendente
<input type="checkbox"/>	Proba

De optar pola proba

- Que tipo de proba?
- Como se avaliará?

7.3 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cuántas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Temporalización das probas escritas			
Avaliación	Nº Proba	Debuxo técnico 1	Debuxo Técnico 2
1ª Avaliación	Proba 1	Uds. 1, 2, 3	Uds. 1, 2
	Proba 2	Uds. 4, 5	Uds. 3, 4

2ª Avaluación	Proba 3	Ud. 6	Uds. 5, 6
	Proba 4	Uds. 7, 8	Uds. 7, 8
3ª Avaluación	Proba 5	Ud. 9	Todas las unidades
	Proba 6	Uds. 10, 11	Todas las unidades
	Proba 7	-----	Todas las unidades
	Proba 8	-----	Todas las unidades

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación.

Ponderación, redondeo,...

As probas escritas e as exposicións públicas valoraránse de 0 a 10 puntos.

O traballo na aula e a actitude tamén se valorará de 0 a 10 puntos, mediante unha taboa de observación diaria.

Como se fai a media de cada unha das avaluacións? Ponderación, redondeo,

BAREMACIÓN NA AVALIACIÓN DOS CONTIDOS:

Nota de cada avaluación=(prácticas x 0,2) + (probas x 0,8)

▪ **Actividades de aula (prácticas): 20% da nota de cada avaluación.**

- As actividades de aula puntuaranse de cero a dez puntos.
- A nota global das actividades de cada avaluación será a media aritmética das mesmas.

▪ **Probas específicas: 80% da nota de cada avaluación**

- A nota global das probas específicas será a media aritmética das cualificacións de todas elas. Puntuaranse de cero a dez puntos.
- Será necesario acadar, polo menos, cinco puntos na media aritmética das probas específicas para poder superar cada avaluación.

Nota final do curso (avalación ordinaria) = media aritmética das tres avaluacións

- A nota final do curso será a media aritmética da nota das tres avaluacións, sempre que o alumno teña aprobadas, como mínimo, dúas e que na avaluación suspensa acadara unha cualificación mínima de tres puntos sobre dez.
- Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado no XADE pode incluír decimais (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

- Elaborarase una lista de control na que se valorarán os seguintes indicadores:
 - Capacidade de traballo individual
 - Expón convenientemente os seus traballos en público
 - Capacidade de traballo en grupo
 - Traballa de forma ordenada, pulcra e precisa
 - Trae o material necesario para o normal desenvolvemento das clases
 - Coida o material e as instalacións do centro

Como se recupera unha proba non superada?

- As probas non se recuperan individualmente, senón por avaluacións.

Como se recupera unha avaluación non superada?

- Recuperación: cando na media aritmética das probas específicas de cada avaluación non se acaden os cinco puntos sobre dez esixidos, realizarase unha nova proba co contido de todo o trimestre, na que non se considerarán os traballos realizados na aula nin a actitude. Se o alumno alcanza a nota requirida, esta substituirá á anterior.

7.4 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN FINAL

<p>Quen deberá ir á proba final?</p> <ul style="list-style-type: none">○ Aqueles alumnos/as que suspendan dúas ou tres avaliacións○ Aqueles alumnos/as que, tendo suspensa unha avaliación, obteñan unha media aritmética das tres avaliación menor que cinco puntos sobre dez..
<p>En que consistirá a proba?</p> <ul style="list-style-type: none">○ Será unha proba escrita sobre todos os estándares de aprendizaxe valorados nas probas realizadas durante o curso.
<p>Que estándares se van a avaliar? Avaliación de pendentes, todos, ...</p> <ul style="list-style-type: none">○ A proba incluírá unicamente os estándares de aprendizaxe susceptibles de valorarse mediante unha proba escrita. Están especificados convenientemente nas taboas do apartado 5, "Relación entre aspectos curriculares en cada unidade didáctica", da presente programación didáctica.
<p>Como se elabora a cualificación final? Ponderación, redondeos, etc...</p> <ul style="list-style-type: none">○ Valorarase unicamente a proba final, e o alumno deberá optar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para superar o curso. Non se considerarán as prácticas nin o traballo na aula.○ Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado no pode incluírdecimais (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)○ Se o alumno non alcanza a nota requirida, terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.
<p>Que actividades se realizarán entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria?</p> <ul style="list-style-type: none">● No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase a:<ul style="list-style-type: none">- Preparación e realización das probas extraordinarias- Actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.● No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de:<ul style="list-style-type: none">- Preparar o alumnado para a realización da ABAU- Preparar ao alumnado para a realización das probas extraordinarias.
<p>Que criterios segue o centro para a promoción?</p> <ul style="list-style-type: none">● Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.● As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.● O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.● As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción

establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

- A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

- As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Que criterios segue o centro para a titulación?

- O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
- Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
- Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

Considerarase inasistencia continuada condo un alumno/a se ausente, de xeito inxustificado, máis dun 10 % da carga horaria da materia ao longo do curso.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

- O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
- Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

7.5 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

- Ao igual que na proba final da avaliación ordinaria, esta proba incluírá únicamente os estándares de aprendizaxe susceptibles de valorarse mediante unha proba escrita. Están especificados convenientemente nas taboas do apartado 5, "Relación entre aspectos curriculares en cada unidade didáctica", da presente programación didáctica.

Como se cualifica, redondeos, etc?

- Valorarase unicamente a proba final, e o alumno deberá obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para superar o curso. Non se considerarán os as actividades nin o traballo de aula.
- Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado no pode incluír demáis (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)

7.6 PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

Se na proba extraordinaria, o alumno non demostra a adquisición dos contidos mínimos e obtén de novo unha cualificación insuficiente, poderán darse dous casos:

- a) Se o alumno non promociona de curso, deberá cursar de novo a asignatura.
- b) Se o alumno promociona de curso, a asignatura de Debuxo Técnico I terá consideración de materia pendente. En tal caso, e para a superación da mesma, o alumno deberá realizar dúas probas. A primeira será no mes de xaneiro e versará sobre a metade dos contidos do curso. A segunda proba será no mes de maio. Aqueles alumnos que teñan superada a proba de xaneiro (mín. 5 puntos sobre 10) examínanse no mes de maio da materia restante, sen embargo, aqueles que suspenderan a devandita proba deberán examinarse de toda a materia do curso. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os mesmos que se o alumno estivese cursando o curso ordinario.

O alumno/a recuperará a materia se se dá algunha das seguintes condicións:

- No caso de ter aprobado a proba de xaneiro, deberá acadar como mínimo 5 puntos (sobre 10) na media aritmética das probas de xaneiro e maio.
- No caso de ter suspendido a proba de xaneiro, deberá acadar como mínimo 5 puntos (sobre 10) na proba de maio

Se o alumno non recupera a materia no mes de maio terá dereito a presentarse a unha proba extraordinaria no mes de setembro.

A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumno que teña materias pendentes de cursos anteriores será responsabilidade do Xefe de Departamento.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE				
Indicadores de logro	ESCALA			
PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MECANISMO DE REVISIÓN

Con que periodicidade se revisará?:

A programación didáctica revisarase unha vez o mes. Os resultados de dita revisión recolleranse nas actas de departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

En caso de desfase refarase a programación de aula, deseñando unidades didácticas que engloben máis contidos e, se fora o caso, eliminando aqueles que afecten a estándares de aprendizaxe que non teñen peso na cualificación.

Indicadores de logro	ESCALA			
MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				

27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO	
MEDIDAS ORDINARIAS	
ORGANIZATÍVAS	CURRICULARES
<p>Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Non.</p> <p>b) Espazos diferenciados? Non.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Non.</p>	<p>Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Non se adopta ningunha medida ordinaria curricular.</p>
<p>Faise algún desdoblamento de grupos? Non hai desdoblamento de grupos.</p>	<p>Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>O alumnado de 2º BAC realiza probas dunha duración de 90 min. para que se vaian adaptando ao tempo do que disporán na ABAU</p>
<p>Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>O alumnado pode recibir apoio do profesor durante os recreos sempre que así o solicite.</p>	<p>Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>Non é necesario. Só repite 1º de BAC un alumno, pero a materia Debuxo Técnico I aprobouna o curso pasado.</p>
<p>Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? No noso centro non hai aula de convivencia.</p>	<p>Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p>Non.</p>
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún alumno do bacharelato.</p>	<p>Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Non hai ningunha ACI na materia de debuxo técnico.</p>
<p>Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non existe.</p>	<p>Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non.</p>
<p>Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non existe.</p>	<p>Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non existe.</p>
<p>Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non existe.</p>	<p>Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non.</p> <p>Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares que se realizarán serán: saídas, visitas culturais (museos, exposicións,...), participación nas actividades programadas polo centro e outras, sempre de índole cultural.

Se a situación sanitaria o permite, faremos unha reunión a Roma co alumnado de 1º BAC, probablemente no último trimestre.

Estas serán organizadas en coordinación coa Vicedirección do Centro e comunicadas con tempo suficiente a alumnos e pais.

Terase especial coidado en que estas actividades complementarias e extraescolares non supoñan un obstáculo para a consecución dos obxectivos suscitados, senón todo o contrario. Polo tanto, non se programarán actividades complementarias no último mes de cada avaliación, de ser posible.

11.- DATOS DO DEPARTAMENTO

MATERÍA	CURSO	GRUPOS	PROFESOR/A
Educación plástica e visual 1	1º ESO	NON BIL	Pérez Escariz, Soledad (Profesor interino)
Educación plástica e visual 1	1º ESO	BIL	Pérez Escariz, Soledad
Educación plástica e visual 3	3º ESO	A	Pérez Escariz, Soledad
Educación plástica e visual 3	3º ESO	B	Pérez Escariz, Soledad
Educación plástica e visual 4	4º ESO	A/B	Pérez Escariz, Soledad
Debuxo técnico 1	1º BAC	A	José Manuel Iglesias García
Debuxo técnico 2	2º BAC	A	José Manuel Iglesias García

12.- RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/7/2015 (DOG 29)

ÍNDICE MARCADO POLA RESOLUCIÓN 27/7/2015	FOLLA DA PROG. NA QUE SE TRATA ESE PUNTO
1. Introducción e contextualización	5-7
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	12-23
3. Concreción dos obxectivos para cada curso (de ser o caso)	6-7
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	12-23
a) Temporalización	12-23
b) Grao mínimo de consecución para superar a materia	12-23
c) Procedementos e instrumentos de avaliación	12-23
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	24-26
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	24-26
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	27-31
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	33
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	27
12. Medidas de atención á diversidade	35
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.	12-23
14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso	36
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	32-34

ÍNDICE

- A. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- B. Avaliación e cualificación.
- C. Metodoloxía
- D. Información e publicidade.

A. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

DEBUXO TÉCNICO I	
1ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1.	DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.
	DT1.B1.1.2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.
	DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.
B1.1.	DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.
	DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.
	DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.
B1.1.	DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.
	DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplicaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.
B1.2.	DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.
	DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.
	DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
B1.2.	DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.
2ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

B2.1.	<p>DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.</p> <p>DT1.B2.1.2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.</p> <p>DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.</p>
B2.1.	<p>DT1.B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.</p> <p>DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.</p> <p>DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.</p> <p>DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).</p> <p>DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p>
B2.2.	<p>DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.</p>
3ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.3.	<p>DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.</p> <p>DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.</p>
B2.4.	<p>DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do</p>

	<p>horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.</p> <p>DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.</p> <p>DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.</p>
B3.1.	DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.
B3.2.	<p>DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p> <p>DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p> <p>DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.</p> <p>DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p>

DEBUXO TÉCNICO II	
1ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1.	DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.
B1.1.	DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.
	DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.
	DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
B1.3.	DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.
	DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
	DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.
B1.1.	DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.
	DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
B1.2.	DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
	DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
	DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.
2ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1.	DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.
	DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas

	proxeccións diédricas.
B2.1.	DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
B2.1.	DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
B2.2.	DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.
	DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.
	DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.
	DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
3ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1.	DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
B2.3.	DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
	DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
	DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.
B3.1.	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
	DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.
	DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.
	DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a

	<p>elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.</p>
	<p>DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p>
	<p>DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.</p>
	<p>DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</p>
	<p>DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.</p>

B. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Todo o alumnado dispón de ordenador e conexión a internet, ademais de acceso ao paquete de ferramentas GSuite do centro (@iesmarcodocamballon): Gmail, Drive, Meet, etc. Ademais, todo o alumnado está instruído no uso destas ferramentas desde o inicio de curso. As sesións de docencia desenvolveranse a través de videoconferencia, no horario habitual da materia, é dicir, catro sesións á semana. As videoconferencias realizaranse a través da aplicación Meet, que permite:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compartir calquera pantalla en tempo real: vídeos, documentos... - Compartir calquera programa que estea instalado no ordenador. Neste caso, os debuxos realizaranse co programa Autocad. - Debuxar sobre pdf, fotografías, etc. - Empregar unha pizarra en branco. <p>Para o intercambio de documentos e tarefas empregárase a aplicación Classroom. Ocasionalmente tamén se empregarán a conta de correo electrónico e Drive.</p> <p>Instrumentos: Actividades de repaso, reforzo e ampliación. Dúas probas a distancia, en cada avaliación.</p>
Cualificación final (avaliación ordinaria)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A cualificación de cada avaliación efectuarase sobre un máximo de 10 puntos ▪ As avaliacións que se desenvolvan de xeito presencial serán cualificadas segundo o estipulado na programación didáctica da materia. ▪ Por outra banda, as avaliacións que se desenvolvan mediante ensino non presencial rexiranse pola seguinte baremación. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Tareas, 50% nota avaliación= media aritmética de todas as tarefas cualificadas ▪ Probas 50%, nota avaliación= media aritmética de todas as probas realizadas ▪ As probas e as tarefas versarán sobre os estándares de aprendizaxe imprescindibles, recollidos no apartado A deste documento. ▪ Cualificación final (avaliación ordinaria)= media aritmética das tres avaliacións
Proba extraordinaria (xuño)	<p>A proba extraordinaria será, en principio, presencial e versará, exclusivamente, sobre os estándares de aprendizaxe imprescindibles, recollidos no apartado A deste documento. De non poder realizarse de xeito presencial, farase de xeito telemático, empregando as ferramentas GSuite.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnado coa materia Debuxo Técnico I pendente</p>

C. Metodoloxía	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - As actividades centraranse nos estándares de aprendizaxe imprescindibles, recollidos no apartado A deste documento. - As actividades poderán desenvolverse de xeito grupal, a través de videoconferencia ou de xeito individual, a través de Classroom
Metodoloxía	<p>Todo o alumnado dispón de ordenador e conexión a internet, ademais de acceso ao paquete de ferramentas e servizos Google asociados á conta G Suite do centro (@iesmarcodocamballon): Gmail, Classroom, Drive, Meet, etc.</p> <p>As sesións de docencia desenvolveranse a través de videoconferencia, no horario habitual da materia, é dicir, catro sesións á semana.</p> <p>As videoconferencias realizaranse a través da aplicación Meet, que permite:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compartir calquera pantalla en tempo real: vídeos, documentos... - Compartir calquera programa que estea instalado no ordenador - Neste caso, os debuxos realizaranse co programa Autocad - Debuxar sobre pdf, fotografías, etc - Empregar unha pizarra en branco <p>Para o intercambio de documentos, recursos educativos e tarefas empregárase a aplicación Classroom. Ocasionalmente, tamén se utilizarán a conta de correo electrónico e Drive.</p>
Materiais e recursos	<p>Videoconferencia coa aplicación Meet</p> <p>Intercambio de documentos, recursos educativos e tarefas a través de Classroom.</p> <p>Paquete de ferramentas e servizos Google asociados á conta G Suite do centro (@iesmarcodocamballon): Gmail, Drive, etc</p>

D. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información contida neste documento será trasladada ao alumnado ao principio de curso e ademais será publicada na web do centro..</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro, dentro da sección do Departamento de Debuxo.</p>